CONCELLO DE REDONDELA

DEPARTAMENTO: PERSOAL

EXP. NÚM.: 2698/2023
ASUNTO: LISTA PROVISIONAL COMPLEMENTARIA PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN ALUMNADO TRABALLADOR DO PROGRAMA DUAL DE EMPREGO “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV” PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA.

RESOLUCIÓN

A Orde do 21 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (Código de procedemento TR353A), que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm.: 85, do 04/05/2023.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria para o 2023, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A), concibidos como programas de formación, práctica profesional e, no caso dos concellos, mancomunidades e entidades públicas dependentes, para incentivos á contratación en empresas, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Os obradoiros duais de emprego configúranse como programas experienciais de formación e emprego que, promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou entidades sen ánimo de lucro do sector forestal, que están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoito ou máis anos de idade, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

O xefe territorial da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ditou a resolución de concesión de subvención, con data de 16/10/2023, pola que se outorga ao Concello de Redondela unha subvención, polo importe global de 531.046,20€ para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para realizar o proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”.

Digna Rosa Rivas Gómez (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 05/12/2023
HASH: bc062c73b4ce502ab7709a36ebe5daeb

Paloma Meno Rodríguez (2 para 2)
Secretaria Accidental
Data de Sinatura: 05/12/2023
HASH: a44d1492cc731c73e6af95ed95d125d3

Cod. Validación: 5YMNHFKNNR73S7NR7TAT3HWW7
Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal formador, directivo e de apoio participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Para a selección do alumnado-traballador a selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego pola correspondente oficina de emprego. Na selección do persoal directivo, docent e e administrativo de apoio poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

O Concello de Redondela presentou as correspondentes ofertas de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 07/11/2023 para a preselección de persoas candidatas para os seguintes postos:

-10 **prazas** para a especialidade formativa de **Carpintería de Ribeira** (nivel 2)
-10 **prazas** para especialidade formativa de **Forestal/Xardinaría-Agricultura Ecolóxica (**nivel 2).

Esta oficina preseleccionou a 31 persoas para os postos de alumnos/as-traballadores/as para especialidade formativa de **Forestal/Xardinaría-Agricultura Ecolóxica** (Oferta 12-2023-12291), e 31 persoas para os postos de alumnos/as-traballadores/as para a especialidade formativa de **Carpintería de Ribeira** (Oferta 12-2023-12293).

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-2745, con data de 21/11/2023, pola que aprobaba a lista provisional de persoas admitidas deste proceso selectivo.

Con data **28/11/2023** esta mesma oficina preseleccionou a 18 persoas máis para os postos de alumnos/as-traballadores/as para especialidade formativa de **Forestal/Xardinaría-Agricultura Ecolóxica** (Oferta 12-2023-12291), e 19 persoas maís para os postos de alumnos/as-traballadores/as para a especialidade formativa de **Carpintería de Ribeira** (Oferta 12-2023-12293).
Tras contactar coas persoas preseleccionadas para os anteditos postos e tras comprobar, a través das instancias que presentaron, se as persoas aspirantes cumprían os requisitos establecidos nas bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para selecciónar 10 prazas de alumnado-traballador para a especialidade formativa de **Carpintería de Ribeira** e 10 prazas de alumnado-traballador para especialidade formativa de

Cod. Validación: 5YMNHFKNNR73S7NR7TAT3HWW7
Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

**Forestal/Xardinaría-Agricultura Ecolóxica,** é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar admitidas, con carácter provisional, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para a contratación de 10 postos de alumnos/as-traballadores/as, para a especialidade formativa de **Carpintería de Ribeira**, para levar a cabo o obradoiro dual de emprego "REDONDELA MÁIS QUE BELA IV":

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|---|
| 1 | ALONSO AGULLA, JUAN ÁNGEL | *****714-Y |
| 2 | BADA VILABOA, FRANCISCO JAVIER | *****209-C |
| 3 | CRUZ PIRES, DAVID | *****475-V |
| 4 | DOMÍNGUEZ ALCAIDE, MARÍA AZUCENA | *****773-N |
| 5 | FERNÁNDEZ DAVIA, RAQUEL | *****786-N |
| 6 | IGLESIAS LORENZO, LOURDES | *****910-C |
| 7 | NOVELLE FERNANDEZ, JOSEFA | *****266-G |
| 8 | OCAMPO PÉREZ, MARIA CELIA | *****912-M |
| 9 | OTERO HOEVER, NATASJA MARÍA | *****949-F |
| 10 | OTERO LOFREDO, FRANCISCO JAVIER | *****041-Z |
| 11 | PEREZ ALONSO, NOEMI | *****112-Z |
| 12 | PIÑEIRO GONZÁLEZ, MARÍA | *****630-E |
| 13 | RAFAEL VILAS, RAFAEL | *****483-Z |
| 14 | RODRÍGUEZ FRAGA, MODESTO MANUEL | *****306-T |
| 15 | TÁBOAS GONZÁLEZ, MARÍA DOLORES | *****680-Q |

Cod. Validación: 5YMNHFKNNR73S7NR7TAT3HWW7
Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

*****Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Declarar excluidas, con carácter provisional, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para a contratación 10 postos de alumnos/as-traballadores/as, para a especialidade formativa de **Carpintería de Ribeira**, para levar a cabo o obradoiro dual de emprego “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”:

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI | MOTIVO |
|---|---|---|---|
| 1 | CARRERA ESCUDERO, RAMÓN | ***293-V | VIDAL LABORAL INCOMPLETA |
| 2 | FERNÁNDEZ SANTOS, ROSA | *****305-E | NON CUMPRE REQUISITOS BASE 3ª |
| 3 | VIDAL ROMÁN, MARÍA NURIA | *****027-X | NO CUMPRE REQUISITOS ACCESO CERTIFICADO NIVEL 2 |

TERCEIRO: Declarar admitidas, con carácter provisional, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para a contratación de 10 postos de alumnos/as-traballadores/as, para a especialidade formativa **Forestal/Xardinaría-Agricultura Ecolóxica,** para levar a cabo o obradoiro dual de emprego “REDONDELA MÁIS QUE BELA IV”:

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|---|
| 1 | AMOEDO LUEIRO, LUCÍA | *****468-T |
| 2 | BLANCO OTERO, BEATRIZ | *****706-X |
| 3 | CABALEIRO ROUCO, MARTA | *****319-E |
| 4 | FERNÁNDEZ ABANDONADO, CAMILO | *****338-M |

Cod. Validación: 5YMNHFKNNR73S7NR7TAT3HWW7
Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

| | | |
|---|---|---|
| 5 | GARCÍA SANTOS, CELIA | *****950-Q |
| 6 | HERNÁNDEZ CABALEIRO, MARTA | *****040-H |
| 7 | JIMÉNEZ JIMÉNEZ, JUAN | *****990-C |
| 8 | JUICHA MOUTIRHE, AYOUB | *****767-S |
| 9 | NUÑEZ CORUJEIRA, MANUEL | *****823-Z |
| 10 | PEREIRA GRAÑA; CRISTIAN | *****739-F |
| 11 | RODAL GONZÁLEZ, PURIFICACIÓN | *****467-N |
| 12 | RUFO ESTÉVEZ, VANESA | *****728-M |
| 13 | SANTOS GONZÁLEZ, ÁNGELA | *****204-Q |
| 14 | SOMOZA MARTÍNEZ, LUCÍA | *****007-S |
| 15 | TORRES JAIME, FLORINDA | *****942-R |

*****Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

CUARTO: Declarar excluidas, con carácter provisional, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para a contratación 10 postos de alumnos/as-traballadores/as, para a especialidade formativa de **Forestal/Xardinaría-Agricultura Ecolóxica,** para levar a cabo o obradoiro dual de emprego "REDONDELA MÁIS QUE BELA IV":

| N.º | APELIDOS E NOME | DNI | MOTIVO |
|---|---|---|---|
| 1 | CARRERA ESCUDERO, RAMÓN | *****293-V | VIDA LABORAL INCOMPLETA |



Cod. Validación: 5YMNHFKNNR73S7NR7TAT3HWW7
Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | VALVERDE ÁLVAREZ, MARIA ANGELES | *****711-Z | NO CUMPRE REQUISITOS ACCESO CERTIFICADO NIVEL 2 |

QUINTO: As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar, no prazo de **2 días hábiles,** a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos estabelecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía, aprobará a lista definitiva.

Na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas fixarase o órgano de selección e a data, hora e lugar de realización da fase de oposición, quedando convocadas as persoas aspirantes para a realización desta fase coa exposición desta publicación.

SEXTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, a relación provisional de persoas admitidas e excluídas nestes procesos selectivos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 5YMNHFKNNR73S7NR7TAT3HWW7
Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6